

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA.

ASUNTO. CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Visto o proceso selectivo realizado para a contratación con carácter laboral temporal de sete (7) prazas de auxiliar do SAF de conformidade coas Bases aprobadas en virtude de acordo da XGL de data 1 de marzo de 2016.

Vista a acta formulada polo tribunal cualificador de data 25 de abril de 2016 pola que se propón o nomeamento dos/as seguintes candidatos/as para a cobertura das expresadas prazas de auxiliar do SAF do Concello de Lobios:

1. María Domínguez Táboas
2. Almerinda Alves Estévez
3. M^a Isabel Almeida González
4. M^a Ángeles Ferreira Docabo
5. Lucrecia Jaramillo Rosero
6. M^a Corona Míguez González
7. M^a Luisa Rodríguez Rodríguez

Visto o escrito de renuncia achegado no rexistro xeral do Concello por Dna. M^a Corona Míguez González con data 25 de abril de 2016 e núm. 691 alegando estar contratada na actualidade e achegando copia do contrato en vigor, pasando logo a referida candidata a ocupar o último posto da lista correspondente da bolsa de emprego segundo figura na Base 8^a das Bases reguladoras do proceso selectivo.

Visto o disposto na Base 8^a das reguladoras do proceso selectivo procédese ao chamamento telefónico da seguinte das candidatas que integran a bolsa de emprego por orde de puntuación, para a súa contratación en substitución da anterior, sendo esta Dna. M^a del Carmen Blas Salgado.

Visto que con data 28 de abril de 2016 Dna. Lucrecia Jaramillo Rosero, quinta das candidatas propostas para a súa contratación, causou baixa por accidente laboral.


Visto o disposto na Base 2^a.b) referida á capacidade funcional dos/as candidatos/as, polo que aqueles/as acreditarán non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Visto o disposto na Base 8^a que establece que *no caso de renuncia, o/a interesado/a pasará ao último posto da lista correspondente, salvo que concorran circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestes casos respectarase a orde do/a aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.*

Considerando o impedimento físico que concorre na candidata Dna. Lucrecia Jaramillo Rosero que lle impide o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo de auxiliar do SAF, e concorrendo causa xustificada, aquela pasará a ocupar o primeiro posto na bolsa de emprego creada no presente procedemento selectivo.

Visto o disposto na Base 8^a das reguladoras do proceso selectivo procédese ao chamamento telefónico da seguinte das candidatas que integran a bolsa de emprego por orde de puntuación, para a súa contratación en substitución da anterior, sendo esta Dna. Armanda Ferreira Fernández.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como do disposto nas Bases reguladoras do presente proceso selectivo,





Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

RESOLVO

PRIMEIRO.- Seleccionar ás seguintes candidatas para a cobertura de sete postos de auxiliar do servizo de axuda no fogar do Concello de Lobios:

1. María Domínguez Táboas
2. Almerinda Alves Estévez
3. M^a Isabel Almeida González
4. M^a Ángeles Ferreira Docabo
5. M^a Luisa Rodríguez Rodríguez
6. M^a del Carmen Blas Salgado
7. Armanda Ferreira Fernández

SEGUNDO.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade regulada polo artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, contrato por obra o servizo determinado con data de inicio o 1 de maio de 2016 e de remate 30 de abril de 2017 en réxime de dedicación a tempo completo de luns a domingo, festivos inclusive.

TERCEIRO.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes que integrará a bolsa de emprego, en réxime de persoal laboral, segundo a orde de puntuación acadada no proceso selectivo e as incidencias posteriores ao proceso selectivo, que quedará integrada polas candidatas e coa orde seguintes:

1. Lucrecia Jaramillo Rosero
2. Ana Catarina Pereira Dacosta
3. Tamara Pereira Almeida
4. M^a Corona Míguez González

Lobios, 29 de abril de 2016

A Alcaldesa,

María del Carmen Yáñez Salgado

Ante min, a Secretaría

Marta Izquierdo Gamallo